

## PEZA DO MES

marzo

2019



**PEZA DE MARFIL  
DE XINZO DE LIMIA**

XUNTA DE GALICIA



LIBRO DE XADREZ, DADOS E TÁBOAS  
Ms. T-I-6. REAL BIBLIOTECA DO MOSTEIRO DO ESCORIAL, FOL.82. V.

## Peza de marfil de Xinzo de Limia

Esta peza apareceu durante o desenvolvemento do proxecto: *Escavación arqueolóxica na rúa Sta. Mariña núm. 4-6 (Xinzo de Limia, Ourense)*, executado durante os meses de marzo e abril de 2016.

Polo que respecta ao **contexto arqueolóxico** de Xinzo de Limia e deste soar en concreto, na rúa de Sta. Mariña realizáronse, con anterioridade ao noso proxecto, sondaxes na porta do inmobile núm. 6 onde se rexistraron os restos dun hipocausto, a unha cota de -50 cm do nivel da rúa; xa en 2018 realizamos máis sondaxes e controis tanto nesta rúa coma na contigua da igrexa, pondo ao descuberto estruturas modernas, sepulturas medievais e unha ampla ergoloxía galaico-romana.

Estes soares pola súa fachada posterior lindan co adro da igrexa románica de Santa Mariña, e nela entre 1995-1996 foi escavada unha necrópole que abrangue cronoloxicamente dende o mundo galaico-

romano ata o final da Idade Media, así como os restos dunha edificación relixiosa anterior. En 2012 realizamos sondaxes no soar da rúa da Igrexa núm. 12, a 30 m ao E destes mesmos soares e rexistramos estruturas de época Flavia (s. I d. C.).

Dende o ano 2002, sucédense por todo o núcleo de Xinzo de Limia intervencións arqueolóxicas que poñen de manifesto a súa importancia como asentamento romano; ás intervencións programadas hai que sumarilles outros achados arqueolóxicos de importancia descontextualizados e repartidos polo núcleo urbano de Xinzo, como aras adicadas a Reve e Cibeles, dúas estatuas sedentes, un miliario, cantarías de factura romana e fragmentos cerámicos. Todos estes achados mostran un asentamento de clara fundación romana, o que non é de estrañar nunha comarca con abundantes mostras de romanización e pola que transcorría a Vía XVIII do Itinerario Antonino, que unía as capitais de convento de Braga e Astorga.

Os **resultados da escavación** nestes dous soares foi decepcionante a pesar da súa privilexiada posición no centro arqueolóxico de Xinzo, dada a súa inmediatez ao adro da igrexa de Sta. Mariña. As estruturas rexistradas foron de escasa entidade, os restos romanos que ocupaban estes soares foron arrasados durante a construción das vivendas de época moderna e contemporánea e apenas quedan evidencias salteadas que nos permitan elucubrar sobre a súa disposición e dimensións.

O estudo dos **materiais** arqueolóxicos mostrou un claro nivel de ocupación de época flavia (último terzo do s. I d. C.) e un revolto medieval/moderno do que destaca pola súa excepcionalidade a peza de marfil, unha das escasas mostras de eboraría medieval rexistrada en contexto arqueolóxico en Galicia a pesar de que a peza foi rexistrada durante a fase de control das últimas remocións e, polo tanto, fóra de contexto estratigráfico definido.

O primeiro que destacar da peza é o material de que está feita, marfil, un material raro na ergoloxía arqueolóxica galega, co cal o primeiro que temos que deducir é que se trata dunha importación. Ao estar enterrada a cor crema orixinal derivou nunha cor amarelenta avermellada. Presenta unha forma xeral de fronte e de base de forma rectangular, mentres que o perfil é triangular. Ten unha altura total de 5'5 cm. a súa base é de 5 x 2'5 cm. Ten tallada unha cara de forma esquemática e de forma xeral lixeiramente ovalada de 3 x 2'5 cm.

A **morfloxía** da peza, tamaño, estabilidade, indícanos que estamos ante una peza de xogo, o material de importación fálanos dunha peza cara e exclusiva, o que nos leva a pensar nun xogo con pezas antropomorfas e de disfrute restrinxido a unha elite que se pode permitir materiais de importación. Debemos deducir, como hipótese funcional, que se trata dunha peza de xadrez. Tendo en conta o contexto da contorna inmediata coa inmediatez á necrópole románica, debemos presupor unha cronoloxía medieval.

Non coñezo **paralelos** de pezas de xadrez de marfil medieval en Galicia. No museo da catedral de Ourense temos oito pezas dun xogo de xadrez de arte fatimí do s. X. dentro do conxunto de pezas do denominado «tesouro de S. Rosendo» talladas en cristal de rocha. As pezas de xadrez medieval en marfil máis coñecidas proceden da illa de Lewis do norte de Escocia, 78 pezas en marfil de morsa datadas no s. XII e consideradas unha mostra de arte viquinga.

Nas escavacións levadas a cabo entre os anos 1993 e 1995 no castelo de San Martín de Muñatones de Biscaia a terceira campaña achegou, dúas pezas de xadrez torneadas, unha de madeira e outra de metal, a de madeira corresponde a un peón branco, mentres que a de metal é unha torre negra. A datación de ambas as pezas sitúase entre 1369 e 1439. No museo de Cáceres, consérvanse outras dúas pezas que proceden do castelo de Trigueros del Valle en Valladolid, que non deben de ser anteriores á segunda metade do século XV.

Afortunadamente, durante uns traballos de recatalogación en Valencia durante o ano 2016, os arqueólogos identificaron unha peza de xadrez musulmán, datable arqueoloxicamente entre o s. XII e principios do s. XIII. A pesar de tratarse dun cabalo, o seu tamaño e morfloxía son moi semellantes á nosa; tamén cambia o material xa que se trata dunha peza de cerámica.

O marfil medieval non é descoñecido en Ourense. A peza máis coñecida e espectacular é a Virxe Abrideira de Allariz, no propio museo da catedral, e xunto ás pezas de xadrez anteriormente referidas do «tesouro de S. Rosendo» temos a cabeza dun báculo en marfil elefantino e varios peites, xa da plena idade media (ss. XII-XIII) varias caixas e relicarios atribuídos a artesáns sarracenos de Sicilia. Os principais e máis afamados talleres de eboraría medieval están na parte musulmá da península, Córdoba e

Cuenca concretamente, pero tamén na parte cristiá se desenvolven talleres entre os que destaca o de S. Isidoro de León, que comeza a traballar a partir do s. XI grazas ao impulso do rei Fernando I aínda que as pezas atribuídas a estes talleres soen ser exclusivamente de carácter relixioso.

Para coñecer o xadrez medieval temos os libros de Lucena (fins do s. XV) ou de Rui López (2ª metade do s. XVI) pero a obra fundamental é a do rei Alfonso X do s. XIII, *El Libro de los juegos* producido polo taller alfonsí, do que forma parte o *Libro del axedrez*. O xadrez contemporáneo é o descendente directo dun antigo xogo da India, o chamado en sanscrito *ˆcaturaᅅga*. Este vocablo significaría «de catro membros», en alusión aos tipos de unidades militares da antiga India representados no taboleiro: infantaría, elefantes, cabalaría e carros de guerra. O *ˆcaturaᅅga* pasaría, probablemente durante a época sasánida (s. III-VI d. C.), a Persia, onde vería modificadas as súas regras e nome. Coa conquista de Persia polos musulmáns no s. VII d.C., o novo xogo, chamado en árabe clásico *šit' ranᅅg*, vería facilitada a súa difusión por todo o Califato, e dende alí irradiaría á Europa cristiá por diversas rutas, como a Península Ibérica, o sur de Italia e Bizancio. Aos reinos hispano-cristiáns chegou, naturalmente, dende o Califato de Córdoba. Soe aludirse, como proba de que xa se xogaba naquelas terras polo menos desde principios do s. XI.

Xogábase, como o actual, sobre un taboleiro de 64 escaques e con 32 pezas ou trebellos, 16 por xogador.

A propósito do aspecto físico dos aparellos do xogo, os especialistas cren que os taboleiros foron monocromos ata o s. XII, aínda que os escasos testemuños literarios e arqueolóxicos non permiten ser moi tallantes neste sentido. Sería moi común incluso que o xogo se practicara sobre unha tea onde estarían debuxadas as casas, que se enrolaría unha vez finalizada a partida.

Pola forma tan sinxela da nosa peza e a falla de formas que a signifiquen como unha peza de máis valor, temos que supoñer que se trata dun peón.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Manuel García Valdeiras

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

galicia

